



## Rede Museística da Deputación de Lugo

### MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

**Xerente da Rede Museística**  
Encarnación Lago González

**Directora do Museo Provincial de Lugo**  
Aurelia Balseiro García

**Comunicación e Xestión Cultural da Rede Museística**  
Antonio Reigosa Carreiras

**Publicacións da Deputación e do Museo Provincial de Lugo**  
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez  
Brais García Fernández

**Departamento de Difusión**  
Fernando Arribas Arias

**Departamento de Xestión Administrativa**  
J. Manuel Neira González

**Departamento de Arqueoloxía e Historia**  
Enrique J. Alcorta Irastorza  
Ofelia Carnero Vázquez

**Departamento de Etnografía e Artes Decorativas**  
M<sup>ra</sup> Rosario Fernández González

**Departamento de Belas Artes**  
Lucila Yáñez Anlló  
María Quiroga Figueroa

**Departamento de Xestión Administrativa (Catalogación)**  
Daniel Rajal Fernández

**Departamento de Restauración**  
Blanca Besteiro García

**Departamento de Biblioteca**  
M<sup>ra</sup> de las Mercedes Salvador Castañer  
Blanca Pacín Somoza

### Departamento de Didáctica, Vixilancia e Guías

Jose Manuel Mendoza Castiñeira  
Lucía Dequidt Lagares  
M<sup>ra</sup> Anunciación Losada Montenegro  
Raquel Guerrero Prieto  
Paula Salinas Somoza

**Departamento de Atención ao Visitante, Recepción e Vixilancia**  
Jesús Hortas Fouz

Manuela Trigo Quiroga  
Edita López Armesto  
Margarita Candal Prieto  
M<sup>ra</sup> Begoña Fernández García  
Nieves Ferreiro Da Costa  
M<sup>ra</sup> del Mar Freire González  
Ana Covadonga López-Boado  
Rey Almudena López Lorca  
Ana Fernández Frey  
Cristina Núñez Díaz  
Isabel García Belló  
M<sup>ra</sup> José Crecente García

**Unidade de Mantemento**  
Matías Linares Carrera

**Servizo de Limpeza**  
Fermina Méndez Cortés  
Adoración Campos Chamosa  
M<sup>ra</sup> José Barrio Calderón

**Servizo de Seguridade**  
Diego Díaz Martínez

**Servizo de Seguridade**  
José Luis Barja Freire  
José Jorge Díaz Cachero  
Tomás García Castro  
Dionisio López Armesto  
Jorge Álvarez Arias  
Francisco J. Lugilde Flores  
Javier Domínguez Ceide  
Marcos Rodríguez Santín

### MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA

**Departamento de Didáctica, Vixilancia e Guías**  
Francisca Abuín Villar  
Ana M<sup>ra</sup> Ferro Fernández  
Jesús González López  
Servizo de Limpeza  
Carmiña Prado Penas

### MUSEO PROVINCIAL DO MAR

**Departamento de Didáctica, Vixilancia e Guías**  
Amelia Pernas García  
Ángeles Miguélez Martínez  
Servizo de Limpeza  
M<sup>ra</sup> José López Fernández

### PAZO DE TOR

**Encargada do Pazo de Tor**  
Ángeles Rivada González

**Departamento de Didáctica, Vixilancia e Guías**  
Silvia Fiallega Lorenzo  
Tar López López  
Manuel González Pérez

**Departamento de Biblioteca e Arquivo**  
Juan Ignacio Márquez Barros

**Servizo de Limpeza**  
Noelia Rodríguez Pardo

**Servizo de Normalización Lingüística da Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo**  
Montse González Álvarez

### D. Antonio Veiga Outeiro,

vicepresidente da Deputación de Lugo, e no seu nome

### D. Mario Outeiro Iglesias,

deputado delegado da Área de Cultura e Turismo, teñen o pracer de invitalo/a á inauguración da exposición

## Entre o sono e os soños.

“Soñar para crear na Rede Museística”

que terá lugar o vindeiro mércores, 19 de novembro de 2014, ás 20:00 horas, na sala de exposicións do Museo Provincial de Lugo.

Praza da Soidade s/n  
Tel.: 982 242 112  
www.museolugo.org / difusion@museolugo.org

Máis información:



e no sitio web: www.museolugo.org



Entre o SONO  
e OS SOÑOS


“Soñar para crear  
na Rede Museística”

19  
novembro  
2014



---

Catálogo da exposición “Los caprichos” de Goya  
1998



A multidisciplinidade da Rede Museística da Deputación de Lugo, integrada polo Museo Provincial de Lugo, o Museo Fortaleza de San Paio de Narla en Friol, o Museo do Mar en San Cibrao e o Pazo de Tor en Monforte de Lemos, que constitúe un dos seus principais alicientes e fortalezas, xunto co equipo humano que traballa arreo en prol desta institución forman unha dualidade complementaria que se converte no seu principal activo contribuíndo ao fomento dunha reinvenção constante, dinámica e actual que vai máis alá das funcións que lles son propias a un museo.

A variedade de fondos museográficos da Rede Museística, lonxe de converterse nun desvantaxe no seu discurso expositivo, axuda a ampliarlles o abano de oferta expositiva aos nosos usuarios e usuarias, converténdose nun centro de referencia non só a nivel provincial.

Integrando estas dúas singularidades devanditas, quixemos elaborar un proxecto onde se amosara que tirando dun fío condutor, neste caso un concepto tan polivalente coma o sono e os soños, podía achegarse, dende distintas especialidades ou disciplinas, un proxecto complexo, variado, didáctico e científico que puidese atraer a todo tipo de público dun xeito ameno e esteticamente atractivo xuntando a todo o persoal da Rede Museística que, deste xeito fai súa a máxima de “un museo entre todos e para todos.”

Dende unha pluralidade de perspectivas e utilizando unha linguaxe de cooperación en prol dun obxectivo común, xorde un doce soño: utilizar un concepto para artellar unha viaxe histórica diacrónica e actualizada polos fondos museográficos da Rede Museística Provincial.

---

Detalle de cama “tipo Olot”  
S. XVIII



Logo de facer unha listaxe de pezas, todas pertencentes aos nosos fondos tanto expostos como en reserva, asociadas ao mundo dos soños dende a antigüidade ata hoxe e observar que a tipoloxía de obxectos e obras asociados a esta temática é moi variada, seleccionamos os máis acaídos para o desenvolvemento do discurso expositivo. Coas ideas e iniciativas propostas comezou este ambicioso proxecto colectivo no que todos e todas traballamos a través de distintas achegas e liñas de investigación.

Primeiro contemplamos dúas grandes áreas para visualizar nas dúas partes

---

Manuel Bujados  
“O soño adolescente”



físicas que nos dá o propio espazo da Sala de Exposicións temporais do museo:

1. **Sono.** Escenografías e obxectos relacionados co descanso: camas, roupa, artes decorativas e obras vinculadas a estes motivos, xunto

cunha contextualización sobre a historia do descanso dende a prehistoria ata hoxe.

2. **Soños.** Significados e interpretación dos soños. Soñar para crear a través da literatura, a arte, especialmente o onírico en movementos como o surrealismo e o simbolismo, a mitoloxía ou o “soño eterno” como metáfora da morte.

Pero non remata aí o proxecto expositivo, posto que tamén se pretenden vincular os temas e as pezas escollidas para continuar o discurso noutras obras, sinaladas para a ocasión, do Museo Provincial de Lugo e nos outros tres museos da Rede: San Paio de Narla, Pazo de Tor e Museo do Mar.

Outra das liñas baralladas para plasmar este proxecto tamén xogaba coas funcións dos museos para visibilizar os traballos de conservación, investigación, didáctica, exhibición e difusión que realizamos, a cotío, nos departamentos correspondentes, pero que non teñen tanta divulgación. Aquí e agora os/as visitantes poden comprobar como se interrelacionan todas elas cunha finalidade común: poñer os museos da Rede ao servizo da sociedade.

Finalmente, pretendemos, dende a transversalidade dun tema tan concreto

---

Cama “tipo Olot”  
S. XVIII



e simbólico como o sono/soño, suscitar o interese polos fondos museográficos da Rede Museística da Deputación de Lugo, fomentar a súa investigación e difusión para, en definitiva, continuar na mesma liña de protexer, conservar, coñecer e divulgar o noso patrimonio cultural.